BASES DO IV CONCURSO DA FILLOA E A ORELLA

1. Poderán participar, individualmente ou en grupo, todas aquelas persoas interesadas, co único requisito de non seren profesionais do eido da repostería.

2. As inscricións para o concurso realizaranse na Casa do Concello. A data límite para inscribirse é o día 4 de marzo de 2011.

3. A decisión do xurado terá lugar o día 5 de marzo, ás 17.00 horas, dentro dos actos de celebración da Festa do Entroido. Haberá que entregar as filloas e as orellas o mesmo día, entre as 16.45 e as 17:00 horas, na rúa Pratería.

4. Para participar no IV Concurso da Filloa e a Orella, o número mínimo de ambas as categorías é de cinco.

5. Haberá en concurso dúas categorías (filloas e orellas) e, dentro delas, valorarase a filloa máis saborosa, a máis orixinal e a mellor orella. As filloas non poderán ir recheas.

6. A valoración dos pratos presentados e o ditame do concurso corresponderalle a un xurado integrado por diversos profesionais do sector hostaleiro do propio concello. Despois do ditame do xurado, as filloas e as orellas repartiranse entre o público asistente á Festa do Entroido.

7. As bases do concurso están expostas na Casa do Concello.

8. A organización resérvase o dereito a solucionar calquera conflito que puidese derivar da súa interpretación.

9. A participación nesta promoción supón a aceptación implícita das bases.